

RELACIÓNS SEMÁNTICAS

1) **Antonimia:** termos contrarios (*verdadeiro/falso; cheo/baleiro...*).

2) **Sinonimia:**

2.1) **Total:** as palabras teñen significados equivalentes en todos os contextos (*Fixen o traxe no xastre/alfaiate; O avión/aeroplano tivo un accidente*).

2.2) **Parcial:** as palabras non teñen significados equivalentes en todos os contextos, só nalgúns. Pensemos nos sinónimos *encher e fartar*:

- *Xa me estás enchendo/fartando.*

- *Enche a botella; pero non podemos dicir *Farta a botella.*

3) **Polisemia:** unha palabra polisémica é aquela que posúe varios significados que teñen relación entre si. Na orixe temos unha soa palabra. Exemplo: OCULUM>*ollo* (órgano da vista; buraco dunha agulla, por exemplo; gomo ou xema dunha pataca).

4) **Homonimia:**

4.1) **Total:** dúas palabras escríbense e pronúncianse igual, mais teñen significados diferentes que non manteñen ningunha relación entre si. Na orixe temos dúas palabras. Exemplos:

POENA>*pena* (mágoa)

PINNA>*pena* (pedra, sinónimo de penedo ou rocha)

CASEU>*queixo* (alimento)

CAPSU>*queixo* (parte da cara)

4.2) **Parcial:**

4.2.1) **Palabras homógrafas:** escríbense igual mais pronúncianse de maneira diferente (pares de palabras diferenciadas pola acentuación diacrítica que distingue vogais abertas de pechadas: *oso/óso; bola/bóla; compre/cómpre...*)

4.2.2) **Palabras homófonas:** pronúncianse igual mais escríbense diferente (*abano/habano; valor/balor...*)

5) Relacións xerárquicas:

5.1) Hiperonimia: relación entre unha palabra de significado máis xeral e outra de significado máis específico (*flor/rosa; árbore/carballo...*).

5.2) Hiponimia: relación entre unha palabra de significado máis específico e outra de significado máis xeral (*rosa/flor; carballo/árbore...*).

Desta maneira, *flor* ou *árbore* son hiperónimos; mentres que *rosa* e *carballo* son hipónimos.

DIFERENZA ENTRE FAMILIA LÉXICA, CAMPO SEMÁNTICO E CAMPO ASOCIATIVO

1) Familia léxica: unha serie de palabras conforman unha familia léxica cando compartan o mesmo lexema (*mar, marítimo, submarino, mariño...*).

2) Campo semántico: conxunto de palabras da mesma categoría gramatical que teñen un trazo de significado común. Exemplo: as palabras *banco, banqueteta, cadeira, sofá e tallo* significan todas elas mobles para sentar (o campo semántico sería *asentos*).

3) Campo asociativo: conxunto de palabras que se relacionan polo seu significado, moitas veces de carácter subxectivo. Non teñen por que pertencer á mesma categoría gramatical. Exemplo: as palabras *vacacións, praia, nadar, xogar...*, poden pertencer ao campo asociativo *verán*.

➤ APLICA O QUE SABES

A continuación realiza os seguintes exercicios no teu caderno.

1. Explica que tipo de relación semántica se pode identificar nos seguintes exemplos.

doutor – médico

estrela

piar – piar

paga – paga

caro – barato

valente – covarde

carballo – árbore

bando – bando

galano – agasallo

xeito

2. Cal destas series forma un campo semántico? Por que? Nas demais, de que relación semántica se trata?

Empanada, pan, panadaría, panadeiro, panciño.

Apartamento, cabana, casa, chalé, choupana.

Coche, multar, semáforo, tránsito, veloz.

3. Das palabras do cadro que aparece deseguido, algunhas están relacionadas co sentido do gusto e outras co sentido do olfacto. Clasifícaaas correctamente.

insípido/a	fragrante	fétido/a	salgado/a
eslamiado/a	doce	oloroso/a	acedo/a
aromático/a	agre	picante	amargo/a
fedorento/a	cheiroso/a	pestífero/a	recentente

4. Elaborade estes campos semánticos con, no mínimo, cinco vocábulos cada un (coidado cos castelanismos!).

Sentimentos	Utensilios de cociña	Asentos

5. Destes dous grupos de vocábulos relacionados co teatro, un constitúe un campo semántico e o outro un campo asociativo. Identifícaos e explica a diferenza entre eles.

ensaiar, peza, aplaudir, repertorio, divertirse, traxedia, foco, representar	obra, actriz, acto, escena, iluminación, comedia, personaxe, espectáculo
--	--

6. Agrupa estes vocábulos segundo a súa familia léxica.

campá	camiño	camiñada	campo	acampar	campaniforme
campanario	camiñante	campamento	camposanto	encamiñar	campaneiro

7. Completa estes enunciados con termos da familia léxica de *alimento, cidade, nube, sabor e semana*.

- Está a se converter nun cociñeiro excelente; os seus pratos cada vez son máis _____.
- Vas baixar ao quiosco? Quería que me trouxeses o _____ de moda que merco sempre.
- Na semana pasada creouse unha plataforma _____ para defender os nosos dereitos.
- Neste ano baixaron moito as subvencións destinadas ás industrias do sector _____.
- O día está bastante _____. Penso que acabará por chover.

8. Que relación semántica existe entre os seguintes pares de palabras? Escribe un enunciado con cada parella de tal maneira que se aprecie a diferenza de significado entre os dous termos.

saia/saía bola/bóla ai/aí elixir/elixir besta/bésta luxar/luxar

9. Selecciona o vocábulo homónimo adecuado para cada caso.

- Aquel porto deportivo ten máis de douscentos barcos de (*bela/vela*) atracados.
- Ela é autora dunha (*bela/vela*) canción dedicada á loita polos dereitos lingüísticos.
- Saíron do (*cabo/cavo*) de Fisterra con dirección ao Gran Sol.
- Se (*cabo/cavo*) moi fondo esta terra máxica, talvez encontre o cofre dos ananos.
- Os (*bastos/vastos*), as copas, os ouros e as espadas son os catro paus da baralla.
- O río percorre unha (*basto/vasto*) rexión.
- Ofértase posto de traballo para enxeñeiro (*nabal/naval*).
- Caeron para ese (*nabal/naval*) e luxáronse de terra.

10. Completa os enunciados con *bota* ou *vota* e indica como se pronuncia a vogal tónica en cada caso (aberta ou pechada).

- Os piratas sempre levan consigo unha _____ de viño para apagar a sede.
- Unicamente _____ quen ten a maioría de idade.
- O xurado _____ en segredo pola persoa gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro.
- Os cativos estaban a xogar cunha pelota que non _____ demasiado.

- Está tan enfadado que _____ lume pola boca!
- Só encontro unha _____ de goma e non sei onde vai a outra.

11. Introduce as seguintes palabras nos ocos en branco.

ai/aí/hai

- Podes traerme o caderno que _____ encima de _____.
- _____! Que susto me deches!!!
- _____ ben tempo que non os vía tan contentos.
- Soltou un _____ de dor que se escoitou na China.

ha/a/ah/á

- _____! Pois non o sabíamos.
- Seguro que el _____ de querer cear xa.
- _____ chaqueta está feita _____ man e _____ présa.
- Contratou _____ abogada de oficio que coñeces.

12. Escolle o vocábulo correcto para cada definición.

balor/valor	nobelo/novelo
habano/abano	luar/lunar
espiar/expiar	esterno/externo

Utensilio en forma de semicírculo para dar ar, que pode estar feito de papel ou tea.	
Sufrir unha pena ou un castigo por un delito.	
Peluxe branca ou verdosa de fungos microscópicos.	
Bóla de fío enrolada.	
Óso plano situado verticalmente no centro do peito ao que se unen as costelas.	
Mancha escura da pel.	